

FICHA ARTÍSTICA

DIRECCIÓN: Borja González

ARTE EN AREA: Borja González

MANIPULADOR: Alberto Munilla

MÚSICO (TECLADOS E HANG):
Roc Sala

XÉNEROS: teatro visual

55' FAMILIAR

BORJA YTUQUEPINTAS JOJO

A COMPAÑÍA

Borja Ytuquepintas é un creador multidisciplinar, pioneiro en España na arte de pintar con area. Para o ilustrador, orixinario de Arnedo (A Rioxa) e residente en Barcelona, cada debuxo é “a viaxe dunha idea, testemuña de que algo se move, sen coñecermos ás veces a orixe nin o ceo que o cobre, mais consciente de que non durará eternamente”. Impulsor de momentos únicos, Borja González emprega a area para debuxar o mundo, a comedia, o drama, e tamén o circo. Reflicte todo empregando a citada area, algúns metros de teas ao óleo e botes acrílicos. Nos seus espectáculos, os trazados móvense ao son da música, xerando así un espazo único que sorprende o público pola orixinalidade das súas montaxes.

O ESPECTÁCULO

Jojo é unha fábula que conta a historia do primeiro orangután que foi rescatado do seu cativerio, e que significou o inicio do proxecto internacional Animal Rescue, unha ONG que traballa para salvar animais do sufrimento que representa vivir en cativeiro, promovendo a súa rehabilitación e o retorno ao seu hábitat natural. A través da poesía visual da arte con area e do relato musical, esta obra de monicreques fálanos do ecosistema e o seu fráxil equilibrio.

[+](#) INFO [▶](#) VÍDEO

CULTURACTIVA